



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



UNIVERSIDADE
DE VIGO

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL DO PROGRAMA STARTING GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2016

REUNIDOS:

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

D. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

D. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a USC e a UVIGO integran o Sistema universitario de Galicia (en diante **SUG**) e son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma uns dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

universitarias correspondentes á CONSELLERÍA, de acordo co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación e, singularmente, a promoción das universidades galegas no establecemento de programas en materia de investigación.

TERCEIRO.- Que a LOU establece, nos seus artigos 33 e 40, que tanto a docencia como a investigación son dereitos e deberes do persoal docente e investigador das universidades. As universidades deben facilitar a compatibilidade do exercicio da docencia e a investigación, e incentivar o desenvolvemento dunha traxectoria profesional que permita unha dedicación máis intensa á actividade docente ou á investigadora.

CUARTO.- Que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento asume como reto 1 a captación, formación e retención de talento, estratexia desenvolvida no Eixo estratéxico 1 (xestión do talento), co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira científica que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i. Así mesmo, en relación co anteriormente exposto, no Eixo estratéxico 2 (consolidación de grupos de referencia) fálase do apoio a proxectos de investigación (liña de actuación 2.4).

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a CONSELLERÍA promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando aos mellores investigadores/as sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Ademais estímase que é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 ("Empregabilidade e crecemento intelixente"), Prioridade de actuación PA01 ("Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i"), no obxectivo estratéxico OE02 ("Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega").





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

QUINTO.- O Consello Europeo de Investigación (en adiante ERC) busca impulsar a longo prazo proxectos de investigadores/as excelentes e apoia a creación de equipos de investigación, para que realicen unha investigación novidosa e potencialmente moi rendible; pero, de alto risco. Trátase de impulsar a investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, o dinamismo e a creatividade nas novas áreas de investigación, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado á creación ou consolidación do propio equipo ou programa do denominado persoal investigador principal.

Para conseguir o obxectivo de potenciar á próxima xeración de directores/as de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, a ERC potencia a creación de equipos de investigación excelentes coa concesión de subvencións ao programa Starting Grants (en adiante StG) destinadas ao persoal investigador con 2-7 anos de experiencia dende a finalización do doutorado. As ditas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito de investigación.

Este programa destina as axudas a directores/as de investigación recoñecidos/as como excepcionais e cunha traxectoria profesional científica moi prometedora, para realizar proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos de investigación. O criterio único de avaliación é a excelencia científica do/a investigador/a e da proposta de investigación.

En decembro de 2015 o ERC deu a coñecer os 291 proxectos ganadores da convocatoria Starting Grant 2015 que recibirán 429 millóns de euros. En esta convocatoria as axudas distribuíronse en 23 países da Unión Europea e países asociados. Os centros españois obtiveron 17 millóns e 12 novos/as investigadores/as poderán liderar os seus grupos de investigación.

Na Comunidade Autónoma son tres os investigadores/as principais seleccionados/as na referida convocatoria que financia os seus proxectos con 4.177.311,00 euros.

SEXTO.- Polo anteriormente exposto, a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que incentiven a permanencia do/a denominado/a investigador/a principal (pola súa excelencia acreditada por participar no programa StG) e, máis concretamente, estiman necesario o respaldo á creación ou consolidación do seu propio equipo ou programa de investigación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONSELLERÍA, a USC e a UVIGO para achegar unha axuda complementaria para que os/as investigadores/as principais beneficiarios/as do programa StG poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

SEGUNDA.- Condicións para a percepción das axudas

As axudas irán destinadas a financiar actividades dos/as investigadores/as principais que, como requisito imprescindible, manteñan a vinculación laboral coa súa universidade e non poderán financiar custos financiados directamente polas axudas do programa StG. En concreto, as universidades poderán destinar o importe da axuda a calquera dos seguintes conceptos (sempre vinculados a actividades relacionadas cos/coas investigadores/as principais):

- Custo da contratación do persoal investigador ou auxiliar para o equipo de investigación. Inclúese o custo do persoal dedicado de xeito específico ás funcións da xestión do grupo. En todo caso, a subscripción do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a CONSELLERÍA e os/as profesionais que desenvolvan as actividades subvencionadas, de tal xeito que non se lle poda esixir responsabilidade algunha, polos feitos ou actos acontecidos no desenvolvemento da actividade.
- Pequeno equipamento e material funxible e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental e similares.
- Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.
- Formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto.
- Desprazamentos vinculados coa actividade do proxecto.
- Investigadores/as visitantes.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza nos medios de comunicación.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, ...

A dotación para este convenio é por un importe total de cincocentos vinte e cinco mil (525.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019, no marco do Plan galego de financiamento universitario. As anualidades están recollidas na táboa que segue,

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

galicia

Investigador/a principal	Importe	Data fin	Axuda ERC Programa SiG		Anualidades axuda complementaria				TOTAL
			Título proxecto		2016	2017	2018	2019	
M. G., Javier	1.492.525	31/01/2021	DYNAMIC PEPTIDE (DYNAP)	PENETRATING ADAOPTAMERS	50.000	50.000	50.000	50.000	200.000
M. S., Diego	1.499.855	31/03/2020	CHALLENGING STANDARD MODEL USING AN EXTENDED PHYSICS PROGRAM IN LHCB (BSMFLEET)	THE	--	50.000	50.000	50.000	150.000
TOTAL USC					50.000 €	100.000 €	100.000 €	100.000 €	350.000 €
O. F-C., Elena	1.184.931	30/09/2021	CLIMATE ADAPTATION TO SHIFTING STOCKS (CLOK)		25.000	50.000	50.000	50.000	175.000
TOTAL UVIGO					25.000 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	175.000 €
TOTAL SUG					75.000 €	150.000 €	150.000 €	150.000 €	525.000 €

Esta cantidade de 525.000,00 euros, trátase dun importe certo e queda por conta das universidades beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. O custo da axuda complementaria por cada investigador/a principal é de 50.000,00 euros. A dita axuda é por ano durante a vixencia das axudas ERC e para un máximo de catro anualidades.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De selo caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

TERCEIRA.- Fórmula de pagamento

Para os pagamentos correspondentes, a USC e a UVIGO achegarán antes do 15 de decembro de cada ano de vixencia do convenio:

- Unha certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control que faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que conste o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

- destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- b) Unha memoria explicativa das activades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, asinada polo/a investigador/a principal.
 - c) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
 - d) Un certificado asinado pola universidade no que se acredite no período do pagamento a vinculación e permanencia no posto dos/as investigadores/as principais referidos/as.
 - e) De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC e da UVIGO de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa seguridade social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola CONSELLERÍA, o/a secretario/a xeral de Universidades, ou persoa en quen delegue.
- Pola USC, o/a reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoa en quen delegue.
- Pola UVIGO, o/a reitor/a da Universidade de Vigo, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturação da Investigación, axustándose ao réxime xurídico desta ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Non



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

obstante, a CONSELLERÍA ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola CONSELLERÍA.

QUINTA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante ao establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, previa audiencia e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación das axudas, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos nos artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Natureza

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ao equipo dun/dunha investigador/a principal de programas StG estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG os/as tres (3) investigadores/as principais aos que se vincula a axuda son os/as únicos/as con subvencións vixentes da ERC (convocatoria 2015), por iso non é necesario promover a concorrência competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que o StG é un programa da Unión Europea no que a solicitude de participación a realiza o/a investigador/a e tanto o proxecto coma o seu curriculum pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a excelencia.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e se realiza ao amparo do establecido



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

no artigo 6.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXAP e PAC), rexéndose aos seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SETIMA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC e a UVIGO consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a USC e a UVIGO no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

De acordo co disposto no artigo 3.1.1 do Marco comunitario de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas. Non obstante, a USC e a UVIGO deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á CONSELLERÍA por medio da comisión de seguimento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



galicia

actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os seus datos persoais que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

OITAVA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establece no artigo 8.3 da LRXAP e PAC.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por cuádruplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria   Román Rodríguez González	O reitor da Universidade de Santiago de Compostela  Juan Manuel Viaño Rey	O reitor da Universidade de Vigo  Salustiano Mato de la Iglesia
---	--	--